

Hedu'Anna (Babilonia, 2300-2250 a.N.E.)



É a primeira persoa que asina os seus escritos e coñécese como a *Shakespeare* da literatura sumeria. Era filla do rei Sargón I, rei que uniu Sumeria e Acadia.

Para ter o control do poder sacerdotal, o seu pai nomeouna Suma Sacerdotisa da deusa sumeria da Lúa, Nanna, en Ur (hoxe Iraq).

O cargo de sacerdotisa era un poder real. Dirixía a actividade diaria do pobo, controlaba o comercio, a agricultura e os oficios, e era a única persoa que podía promulgar novas leis.

Os templos tiñan a misión de ser centros de aprendizaxe, neles ensinábanse as Ciencias matemáticas e as artes, e iso obrigábaa a controlar os coñecementos matemáticos e astronómicos de Sumeria.

Case que 4300 anos antes de internet, creou unha rede de observatorios astronómicos nos templos que lle permitiu realizar os primeiros mapas dos movementos celestes.

Obtivo un método para resolver as ecuacións de 3.^o grao.

Esta muller é un grande exemplo do papel que as mulleres desempeñaron na ciencia dende as orixes da especie humana.